Cantigas de Amigo. Cantigas de Escarnio e Maldicir. Xéneros menores. Cantigas de Santa María. A decadencia da lírica trobadoresca. Prosa medieval.

- **Cantigas de amigo**: son composicións poéticas breves feitas por un trobador (un home) e postas en boca dunha muller namorada. Nos primeiros versos da cantiga, case de modo invariable, figura a palabra "amigo" ou unha variante desta.
  - *Clasificación das cantigas de amigo atendendo ao interlocutor*: segundo o destinatario hai cantigas dedicadas a unha ou a varias amigas, directamente dirixidas ao amigo, á nai, a elementos da Natureza...etc.
  - *Subxéneros da cantiga de amigo*: como sinala o profesor X.R. Pena, dentro do xénero lírico das cantigas de amigo pódense diferenciar catro subxéneros: *bailadas, mariñas ou barcarolas, cantigas de romaría, albas ou alboradas*.
  - *Características formais da cantiga de amigo*: *paralelismo***,** que enlaza as estrofas de dúas en dúas, facendo que os versos da segunda sexan unha pequena variante dos versos da primeira. Pode ser *perfecto e imperfecto*. *Leixaprén*, consiste en facer que o segundo verso da primeira estrofa sexa o primeiro da terceira, o segundo da segunda sexa o primeiro da cuarta, e así sucesivamente.

- **Cantigas de escarnio e maldicir**: son cantigas de carácter burlesco que teñen a súa orixe na combinación do sirventés provenzal (nome que recibe na Occitania a cantiga de escarnio) coa tradición autóctona. Tradicionalmente, a cantiga de escarnio e a de maldicir diferéncianse en que a primeira presenta unha sátira encuberta mentres que a segunda é un ataque directo. A súa crítica acada a toda a sociedade: cantigas que versan sobre o sexo, sátiras de vicios, costumes e defectos físicos, sátiras de clases sociais, sátiras contra outros poetas, sátiras de covardes e feitos históricos (Afonso X...)...etc.
- **Xéneros menores**: outros xéneros na nosa lírica profana que contan con menos composicións representativas serían: *pastorelas, tenzóns, prantos e lais*.
- **Cantigas de Santa María**: Son un conxunto de 427 composicións en honor á Virxe que constitúen a única mostra que conservamos da nosa lírica relixiosa medieval.
  - *Cantigas de Milagre ou narrativas*: son aquelas nas que se narra un milagre da Virxe e a súa intención é a de espallar o seu culto. Son as máis numerosas e extensas.
  - *Cantigas de loor ou líricas*: están feitas en gabanza da Virxe, baséanse nas cantigas de amor profanas só que nelas a Virxe é a "Senhor". Moito máis breves que as anteriores.

- **Prosa medieval**: fronte ao esplendor da lírica medieval achamos a pobreza da prosa. Este era un fenómeno común a todas as literaturas a comezos da Idade Media xa que as linguas romances non gozaban de prestixio cultural ningún, e a prosa seguía a se escribir en latín, única lingua con tradición e

prestixio nese momento. Os primeiros textos en prosa realizados en galego-portugués non teñen carácter literario, senón legal (cartas rexias, leis...) ou privado (cartas...).

- *A narrativa*: destacamos dous ciclos, *Bretón e Clásico*. O primeiro sitúa os seus episodios na Bretaña francesa ou na Gran Bretaña e destacan textos relacionados coa Demanda do Santo Graal (*Xosé de Arimatea, Merlín e Demanda do Santo Graal*), o segundo está composto por aquelas obras que teñen como temática a historia de Troia e conservamos dúas versións da lenda de Troia (*A Crónica Troiana e A Historia Troiana*).
- *A historiografía*: debemos salientar dúas características da historiografía medieval que a diferencian substancialmente da actual, o seu carácter propagandístico ao servizo do poder e a introdución de elementos fantásticos que achegan este xénero á narrativa de ficción. Conservamos: *Crónica Galega de 1404, Crónica Geral Galega, General Estoria e os Livros de Linhagens*.
- *Outros textos*: debemos salientar dúas obras de tema relixioso, *Crónica de Santa María de Iria e Milagres de Santiago*.

➢ **A decadencia da lírica trobadoresca**: como causas desta decadencia salientamos: a desaparición dos mecenas (morte do rei D. Dinís e do seu fillo, o conde de Barcelos), o novo sistema social que xorde coa ascensión da burguesía, a crise do sistema feudal e o proceso de consolidación dos estados. Comprende dúas escolas: *escola Galego-castelá* -Cancioneiro de Baena (1445)- e *escola Castelá-portuguesa* -Cancioneiro de García de Resende(1516)-.